

## **BASES REGULADORAS PARA O FINANCIAMENTO E PRESTACIÓN DAS AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA NOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2021**

Segundo o establecido no artigo 31 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, as deputacións proporcionaranlles asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios municipais.

O labor da Deputación de Pontevedra de apoiar os gobernos locais da provincia que presten servizos sociais comunitarios ten o seu fundamento nas competencias atribuídas polo artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL); o artigo 109.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; o artigo 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG), e o artigo 31 do citado Decreto 99/2012, de 16 de marzo.

Estas axudas xorden co obxectivo de proporcionarlles aos concellos de menos de 20.000 habitantes apoio económico para poderen atender as demandas de necesidade urxente e puntual das e dos veciños que se atopen en situación ou risco de exclusión social, con especial atención ás persoas con menores ao seu cargo, ademais de darlles resposta a situacións de grave emerxencia.

### **Primeira. Obxecto e natureza**

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos especificados na base segunda, destinadas a prestar apoio económico para atender as necesidades urxentes das persoas que se atopen en situación ou risco de exclusión social.

### **Segunda. Entidades destinatarias**

Serán destinatarios destas subvencións os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, que xestionarán as citadas axudas a través dos seus servizos sociais comunitarios.

Non poderán ser beneficiarios destas os concellos que non estean ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA) e/ou coa Seguridade Social, circunstancias que serán comprobadas nas condicións establecidas na base sexta.

No que atinxe ao cumprimento das obrigas coa facenda provincial estarase ao disposto nos artigos 10.10 e 27.3 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no apartado 4 da base 25 das Bases de execución do orzamento, referido á compensación de débedas coas entidades locais.

### **Terceira. Axudas básicas de emerxencia (ABE)**

#### **1. Persoas beneficiarias das axudas**

Pódense beneficiar das axudas básicas de emerxencia as persoas empadroadas e con residencia efectiva en calquera dos municipios de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, que xestionen a súa demanda a través dos servizos sociais comunitarios do seu concello e que carezan de ingresos suficientes para lles facer fronte aos gastos para os que se solicita a axuda.

Daráselles prioridade ás axudas destinadas a cubrir as necesidades das familias con menores ao seu cargo que se atopen en situación ou risco de exclusión social.

#### **2. Tipoloxía das axudas**

##### **2.1 Alimentación**

Baixo este concepto poden desagregarse dous tipos de axudas:

- Axudas destinadas á compra de alimentos de primeira necesidade, con especial atención á adquisición de perecedoiros (como complemento ás achegas de entidades de iniciativa social) e de alimentos para bebés ou persoas con dietas especiais debido a restricións alimentarias prescritas por persoal facultativo (persoas celíacas, diabéticas ou con outras necesidades)
- Axudas destinadas ao pagamento de servizos de restauración. Este suposto queda restrinxido aos casos nos que a persoa usuaria, polas súas circunstancias ou as do seu contorno, non poida preparar os alimentos por si mesma e conte cun informe favorable especificando que este se considera un recurso idóneo elaborado pola traballadora ou traballador social ou pola persoa técnica responsable do expediente dos servizos sociais comunitarios municipais.

##### **2.2 Uso da vivenda**

Axudas destinadas a posibilitar o acceso a unha vivenda digna e adecuada:

- Pagamento de gastos de alugueiro que impidan o desafiuzamento

- Pagamento da hipoteca, de maneira excepcional, cando o importe de cada cota sexa inferior a 500 euros e a débeda non sexa superior a seis cotas
- Acondicionamento da habitabilidade da vivenda
- Mobiliario e enxoval da vivenda (sabas, louza, toallas etc.)
- Estancias temporais en centro residencial ou establecemento hoteleiro, cando non sexa viable outra forma de aloxamento por situacións de puntual e grave emerxencia ou necesidade. Nestes casos, no momento da xustificación, deberase acompañar dun informe favorable da traballadora ou traballador social de referencia dos servizos sociais comunitarios ou da persoa técnica dos servizos sociais comunitarios municipais responsable do expediente, no que se xustifique a necesidade do recurso.

### **2.3 Pagamento de recibos**

Axudas destinadas a evitar a perda de subministracións básicas da vivenda e a paliar situacións de empobrecemento enerxético: recibos de electricidade, gas, gasóleo, auga, leña ou equivalentes.

### **2.4 Pagamento de produtos e servizos de hixiene e limpeza**

Axudas destinadas á compra de produtos básicos de uso común para a limpeza da vivenda (lixivia, deterxente para lavalouza e outros) e de produtos de aseo persoal (xabón, desodorizante, produtos de hixiene feminina etc.), tamén para a compra de produtos dirixidos á protección respiratoria e hixiene de mans contra a COVID-19 coma máscaras e xel hidroalcolico.

Así mesmo, poderán financiarse gastos derivados da contratación de empresas de servizos de baleirado, limpeza e desinfección de vivendas de persoas usuarias afectadas pola síndrome de Dióxenes ou situacións de similar natureza, cando exista un informe favorable da traballadora ou traballador social de referencia dos servizos sociais comunitarios ou da persoa técnica responsable do expediente.

### **2.5 Pagamento de produtos farmacéuticos**

Axudas destinadas ao pagamento de produtos farmacéuticos prescritos polo persoal facultativo especialista ou polo persoal médico de atención primaria.

## **2.6 Adquisición de electrodomésticos básicos**

Axudas destinadas á compra de electrodomésticos básicos (lavadora, quentador, cociña, frigorífico, microondas, forno, deshumidificador etc.).

## **2.7 Pagamento de desprazamentos**

Axudas destinadas ao pagamento de desprazamentos para recursos asistenciais ou sanitarios fóra do propio municipio para recibir tratamentos, facer xestións ou participar en actividades que non poidan levarse a cabo dentro del.

Así mesmo, pagaranse os desprazamentos dentro do propio municipio para a realización de xestións ou a asistencia a actividades relacionadas cos programas de educación familiar, do servizo de axuda no fogar ou de asistencia a recursos sociais, educativos ou sanitarios do propio municipio.

## **2.8 Pagamento de lentes e audiófonos**

Axudas destinadas ao pagamento parcial ou total de audiófonos para aquelas persoas que teñan diagnosticado un déficit auditivo e que teñan prescrita esta axuda técnica.

Tamén se financiará a compra de lentes no caso de persoas cun déficit visual diagnosticado e que necesiten o seu uso.

## **2.9 Pagamento de gastos derivados de tratamentos de odontoloxía**

Axudas destinadas ao pagamento de tratamentos odontolóxicos non financiados polo servizo público de saúde, sempre que estea xustificada a súa necesidade.

## **2.10 Pagamento de produtos de apoio**

Axudas destinadas ao pagamento de produtos de apoio para persoas con algunha discapacidade ou dependencia que non poidan facerlle fronte ao gasto por si mesmas.

Enténdese por produto de apoio aquel dispoñible no mercado ou fabricado especialmente para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias, limitacións na actividade e restricións na participación: camas articuladas, guindastres, colchóns antiéscaras, cadeiras e barras de ducha ou baño, andadores etc.

## **2.11 Atencións de carácter complementario**

Axudas destinadas ao pagamento de servizos de carácter complementario para persoas con algunha discapacidade ou dependencia que non poidan facerlle fronte ao gasto por si mesmas.

Enténdense como atencións de carácter complementario as dirixidas ao tratamento de persoas usuarias que presenten algunha dificultade ou enfermidade dexenerativa e que precisen de tratamento de fisioterapia, logopedia, terapia ocupacional e/ou psicolóxico.

Estas actuacións de carácter complementario serán recomendadas por unha ou un facultativo, serán complementarias a aquelas que proporcione a cobertura do seu seguro médico e contarán co informe favorable da persoa técnica dos servizos sociais comunitarios municipais.

### **2.12 Axudas para adquisición de roupa e calzado**

Axudas destinadas á compra de roupa e calzado básico, de primeira e imprescindible necesidade, a persoas usuarias en situación ou risco de exclusión social que beneficie o proceso de inclusión social.

### **2.13 Axudas de apoio á infancia**

No caso de menores de idade poderáselles facer fronte aos gastos non incluídos nos puntos anteriormente mencionados na base terceira que posibiliten a continuidade da ou do menor no seu medio familiar e a súa escolarización.

Estes gastos deberán incidir directamente na calidade de vida das e dos menores e ir acompañados do correspondente informe da persoa técnica dos servizos sociais comunitarios municipais que xustifique a súa necesidade.

## **3. Contía das axudas**

As contías destinaranse a gastos correntes e de investimento, segundo se establece nos capítulos 2 e 6 da Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Establécense como contías máximas dispoñibles para cada concello, tanto para gasto corrente coma para investimento, as detalladas no anexo I, calculadas en función da poboación e da porcentaxe de desemprego, e respectando as cantidades financiadas na convocatoria do ano anterior.

Non obstante, no momento de presentar a solicitude cada concello poderá pedir para gasto corrente e investimento a cantidade que considere oportuna en función das súas necesidades, e sempre sen superar a contía máxima total solicitable establecida no anexo I para o seu concello.

#### **Cuarta. Lugar de presentación de solicitudes**

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Se algún dos concellos interesados presenta a súa solicitude presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que prevé a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

#### **Quinta. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

#### **Sexta. Comprobación de datos**

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas e que se detallan a continuación:

- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT)
- Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda da Xunta de Galicia (ATRIGA)
- Certificado de estar ao corrente do pagamento coa Seguridade Social

No caso de que os concellos beneficiarios se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención destes datos poderase solicitarlle ao concello a presentación dos documentos correspondentes.

### **Sétima. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas**

Todos os trámites administrativos que os concellos deban realizar durante a tramitación deste procedemento realizaranse electronicamente a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), requiriráselle ao concello, de conformidade co establecido no artigo 68 da citada lei, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, no caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

### **Oitava. Notificacións**

As resolucións e actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

A notificación entenderase practicada no momento no que se produza o acceso ao seu contido, e considerarase rexeitada cando transcorran 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles aos concellos solicitantes avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practícará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

### **Novena. Instrución e resolución**

A instrución do procedemento de concesión de subvencións realizaraa a xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude e comprenderá as seguintes fases:

- Tras presentar as solicitudes o Servizo de Cohesión Social e Xuventude procederá ao seu estudo e comprobación
- O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra

O Servizo de Intervención emitirá un informe de fiscalización de todos os expedientes e do informe-proposta, dirixido ao órgano competente.

A resolución da concesión notificarase de conformidade co establecido nos artigos 40 e 41 da LPACAP.

Sen prexuízo da obriga de resolver, e de acordo co disposto nos artigos 21 e 22 da LPACAP, transcorridos 6 meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes sen que se lles notifique a resolución expresa ás entidades interesadas consideraranse desestimadas por silencio administrativo.

#### **Décima. Pagamento e xustificación**

Estas axudas aboaráselles directamente aos concellos logo da súa aprobación por parte do órgano competente e da súa correcta xustificación. Para a súa aprobación comprobarase que a entidade receptora non ten ningún anticipo das Axudas básicas de emerxencia 2020 pendente de xustificación. En todo caso, independentemente de que exista ou non anticipo, comprobarase que se presentou en prazo a xustificación do mencionado Plan da convocatoria anterior para proceder á aprobación no ano 2021.

O pagamento da subvención realizarase tras a xustificación da execución completa do programa, integrada pola seguinte documentación, que deberá presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>:

1. Copia das facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe das subvencións concedidas acompañados polo documento de aprobación polo órgano competente ou ben unha certificación de Secretaría ou Intervención (ou do persoal funcionario competente) acreditativa de que os gastos cuxo detalle figuran na conta xustificativa son reais, se aplicaron á finalidade subvencionada e

foron aprobados polo órgano competente, quedando a disposición da Deputación para o seu exame, se se considera oportuno, os xustificantes correspondentes.

Hai que destacar que os gastos correntes e de investimento incluídos nesta convocatoria deben corresponderse con gastos realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021.

As facturas que se acheguen deberán estar debidamente cubertas e, polo tanto, desagregadas en prezos unitarios.

2. Conta xustificativa dos gastos para cada unha das subvencións concedidas (unha para os gastos correntes e outra para os investimentos), atendendo ao importe total, na que se determinará o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada e se detallarán as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, nas que se poña de relevo que os gastos que figuran nestas contas xustificativas se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda. Indicarase que o resto dos xustificantes das contas se encontran no domicilio da entidade beneficiaria a disposición da Deputación para o seu exame, tal como se establece nas bases de execución do vixente Orzamento provincial (modelo dispoñible en [www.depo.gal](http://www.depo.gal)).

De conformidade co establecido na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, as persoas beneficiarias das subvencións provinciais deben utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira no que quede identificada a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (cartóns bancarios de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.). Só poderán utilizar o pagamento en metálico excepcionalmente cando non sexa posible outra forma alternativa. O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que este se considere non subvencionable, de conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do R. d. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS), en relación cos artigos 31.2 e 37 da LXS, sempre que o gasto supere o importe de novecentos (900,00) euros.

3. Memoria da actividade segundo o modelo normalizado, dispoñible na ficha de procedemento dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, realizada pola técnica ou técnico responsable dos servizos sociais comunitarios municipais.

Se o concello o solicita poderase proceder ao pagamento anticipado do 50 % das axudas aprobadas, logo de comprobar que a entidade receptora cumpre coas súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA e coa Seguridade Social. O 50 % restante librarase tras a xustificación da execución completa do programa.

No caso de que as contías xustificadas sexan inferiores ao importe solicitado e recibido procederase ao reintegro das cantidades indebidamente percibidas, de conformidade co establecido no artigo 89 do RLXS.

O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 28 de febreiro de 2022.

#### **Décimo primeira. Compatibilidade das axudas**

As subvencións ás que fai referencia esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións ou entes públicos ou privados; non obstante, o conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100 % do custo da axuda subvencionada á persoa beneficiaria. No caso de superar este límite deberá comunicarse este feito co obxecto de reducir o importe da subvención.

#### **Décimo segunda. Financiamento**

A contía consignada para esta convocatoria ascende a 565.000,00 euros, dos que 365.000,00 euros son para gasto corrente, con cargo á aplicación 21/231.2313.462.00, e 200.000,00 euros para investimento, con cargo á aplicación 21/231.2311.762.00 do Orzamento provincial.

#### **Décimo terceira. Vixencia**

Estas bases estarán vixentes do 1 de xaneiro de 2021 ao 28 de febreiro de 2022.

#### **Décimo cuarta. Publicidade da convocatoria**

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en <https://sede.depo.gal>.

Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da LXS, remitirase o texto da convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

#### **Décimo quinta. Protección de datos**

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este

procedemento, verificar os datos e documentos que o concello beneficiario declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As entidades beneficiarias poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

#### **Décimo sexta. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria**

Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases. Serán de aplicación supletoria a LXS, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de execución do Orzamento provincial para o ano 2021.

As entidades beneficiarias das axudas quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecido na LXS.

#### **Décimo sétima. Interpretación**

A deputada delegada da área de Cohesión Social resolverá a interpretación e a resolución das dúbidas que poidan xurdir, previo informe dos servizos de Cohesión Social e Xuventude, Secretaría e Intervención cando proceda.

#### **Décimo oitava. Publicidade**

Debe constar, tanto en toda a publicidade (impresa, informática ou audiovisual) que se faga das actividades ou investimentos subvencionados coma na páxina web que se elabore, a organización e a colaboración do organismo provincial mediante a inclusión da súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do RLXS. Será unha condición indispensable para o cobro da subvención achegar, xunto co resto da xustificación, un documento probatorio: unha foto, unha folla de xornal ou unha captura de pantalla da web no caso de realizarse esta

publicidade. Poderase consultar o manual de imaxe corporativa na páxina web <https://www.depo.gal/identidade-corporativa>.

O incumprimento desta obriga poderá dar lugar á perda da subvención.

**Anexo I**
**AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA 2021**
**Municipios de 5.000 habitantes ou menos\***

	Contía máxima solicitable		
	Gasto corrente	Investimento	Total
Agolada	5.500,00 €	3.000,00 €	8.500,00 €
Arbo	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Barro	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Campo Lameiro	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Catoira	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Covelo	5.500,00 €	3.000,00 €	8.500,00 €
Crecente	5.500,00 €	3.000,00 €	8.500,00 €
Cuntis	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Dozón	5.500,00 €	3.000,00 €	8.500,00 €
Forcarei	5.500,00 €	3.000,00 €	8.500,00 €
Fornelos de Montes	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Illa de Arousa, A	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Lama, A	5.500,00 €	3.000,00 €	8.500,00 €
Meis	7.500,00 €	4.000,00 €	11.500,00 €
Mondariz	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €

Mondariz-Balneario	5.500,00 €	3.000,00 €	8.500,00 €
Moraña	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Neves, As	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Oia	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Pazos de Borbén	7.500,00 €	4.000,00 €	11.500,00 €
Pontecesures	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Portas	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Rodeiro	5.000,00 €	2.800,00 €	7.800,00 €

\*Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE), 2020

**Municipios de entre 5.001 e 10.000 habitantes\***

	Contía máxima solicitable		
	Gasto corrente	Investimento	Total
Cañiza, A	7.500,00 €	4.000,00 €	11.500,00 €
Caldas de Reis	8.000,00 €	4.400,00 €	12.400,00 €
Cerdedo-Cotobade	11.500,00 €	6.300,00 €	17.800,00 €
Guarda, A	7.500,00 €	4.000,00 €	11.500,00 €
Meaño	7.500,00 €	4.000,00 €	11.500,00 €
Ponte Caldelas	7.500,00 €	4.000,00 €	11.500,00 €
Ribadumia	7.500,00 €	4.000,00 €	11.500,00 €
Rosal, O	7.500,00 €	4.000,00 €	11.500,00 €

Salceda de Caselas	7.500,00 €	4.000,00 €	11.500,00 €
Salvaterra de Miño	7.500,00 €	4.000,00 €	11.500,00 €
Silleda	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Soutomaior	7.500,00 €	4.000,00 €	11.500,00 €
Valga	7.500,00 €	4.000,00 €	11.500,00 €
Vila de Cruces	6.000,00 €	3.300,00 €	9.300,00 €
Vilaboa	7.500,00 €	4.000,00 €	11.500,00 €

\*Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE), 2020

#### Municipios de entre 10.001 e 15.000 habitantes\*

	Contía máxima solicitable		
	Gasto corrente	Investimento	Total
Baiona	8.000,00 €	4.400,00 €	12.400,00 €
Bueu	7.500,00 €	4.000,00 €	11.500,00 €
Cambados	8.000,00 €	4.400,00 €	12.400,00 €
Gondomar	8.000,00 €	4.400,00 €	12.400,00 €
Grove, O	8.000,00 €	4.400,00 €	12.400,00 €
Tomiño	8.000,00 €	4.400,00 €	12.400,00 €
Vilanova de Arousa	8.000,00 €	4.400,00 €	12.400,00 €

\*Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE), 2020

**Municipios de entre 15.001 e 20.000 habitantes\***

	Contía máxima solicitable		
	Gasto corrente	Investimento	Total
Moaña	8.500,00 €	4.800,00 €	13.300,00 €
Mos	8.500,00 €	4.800,00 €	13.300,00 €
Nigrán	8.000,00 €	4.800,00 €	12.800,00 €
Poio	8.500,00 €	4.800,00 €	13.300,00 €
Porriño, O	8.500,00 €	4.800,00 €	13.300,00 €
Sanxenxo	8.500,00 €	4.800,00 €	13.300,00 €
Tui	8.500,00 €	4.800,00 €	13.300,00 €

\*Fonte: Instituto Nacional de Estatística (INE), 2020